

Estimada señora,
Estimado señor,

O tránsito dos nosos seres queridos desta vida a outra, ou simplemente a derradeira despedida de alguén que foi especial, é un momento delicado e de dor que vostedes xestionan coa máis absoluta delicadeza e sensibilidade, o que nos fai máis levadeiro este trance, difícil para calquera persoa.

Unha das razóns de ser do servizo que prestan, sen dúbida, é trataren de ser do maior agrado para as persoas que se achegan a Vdes. neste momento; e que polas circunstancias en que o fan non reparan en aspectos importantes da vida dos finados, mais que lles gustaría ter en conta á hora de expresar publicamente a súa dor pola perda dun ser querido.

Tal é o caso da lingua coa que comunicamos o pasamento dos nosos achegados. En moitos casos o finado/a era galegofalante, ou era a súa vontade, ou a de quen fai a xestión, a de empregar a nosa lingua, como prolongación natural do uso que tivo en vida.

Moitos anos de marxinación da lingua propia e maioritaria da poboación galega en todo tipo de usos e actividades vinculadas aos aspectos máis formais da vida diaria (até a mesma morte) propiciaron unha poderosa inercia social que dura até hoxe e que, por si propia, non desaparece.

Como persoa preocupada pola recuperación do galego para todos os espazos que ao longo da súa historia perdeu ou non acadou, solicito formalmente que sexa esta a lingua na que apareza a esquila, libro de condolencias e demais documentación e trámites derivados do servizo que contrato. Se non dispuxeren dos medios, comprométome a facer o posíbel para llelos facilitar.

Saúdao/a atentamente,